

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos para o día 21 de abril de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

No Pleno do día 28 de marzo de 2025 acordouse modificar a data de realización das comisións informativas correspondentes ao mes de abril de 2025 debido á coincidencia de que o mércores correspondente sería véspera de Xoves Santo, festivo nesta localidade.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión **ordinaria**, para o **día 21 de abril de 2025**, ás 16.50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/20M/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de marzo de 2025.

2. 2025/11939K PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de recadación en vía executiva e revisión de actos de tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Nogueira de Ramuín.

3. 2025/11943W PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos de tributos e

outros ingresos de dereito público do Concello de Sandiás.

4. 2025/12948H PRESIDENCIA

Modificación orzamentaria, autorización de suplemento de crédito e modificación da base 5 do orzamento do INORDE.

5. MOCIÓNS DE URXENCIA.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.